CA6.2 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.	Ten unha actitude positiva e perseverante no seu quefacer diario, realiza as actividades propostas tanto na aula como na casa e acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e contribúe a mellorar o ambiente da clase.	TI	20
CA6.3 - Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	Respecta as opinións do resto do grupo, expoñendo a súa opinión de forma clara e correcta.		
CA6.4 - Xestionar a repartición de tarefas do equipo achegándolle valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	Traballa en equipo asumindo o rol/tarefa asignada a cada un dos integrantes do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Medición. - Dedución e aplicación da pendente dunha recta e a súa relación co ángulo en situacións sinxelas. - Cambio. - Estudo do crecemento e decrecemento de funcións e da taxa de variación absoluta, relativa e media en contextos da vida cotiá co apoio de ferramentas tecnolóxicas.

Contidos

- Variable.
- Asignación de variables en función do contexto do problema.
- Interpretación das características de funcións lineais e cadráticas a través da taxa de variación media en problemas contextualizados.
- Relacións e funcións.
- Aplicación da forma de representación máis adecuada (táboa, gráfica) na resolución de problemas da vida cotiá.
- Representación gráfica de funcións elementais (lineais, cadráticas, definidas a anacos). Estudo das súas propiedades a partir da representación gráfica e da súa interpretación en situacións da vida cotiá.
- Interpretación de relacións cuantitativas en situacións da vida cotiá e selección dos tipos de funcións que as modelizan.
- Pensamento computacional.
- Resolución de problemas mediante a descomposición en partes, a automatización e o pensamento algorítmico.
- Identificación e análise de estratexias na interpretación, modificación e creación de algoritmos.
- Formulación e análise de problemas da vida cotiá utilizando programas e ferramentas adecuadas.
- Crenzas, actitudes e emocións.
- Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas.
- Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza.
- Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro en oportunidade de aprendizaxe.
- Traballo en equipo e toma de decisións.
- Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo.
- Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos.
- Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares.
- Inclusión, respecto e diversidade.
- Actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade.
- Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos.
- Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

UD	Título da UD	Duración
9	Xeometría no espazo	16

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.1 - Formular, investigar e comprobar conxecturas de forma autónoma estudando patróns, propiedades e relacións e empregando para iso as ferramentas tecnolóxicas máis adecuadas.	Formula, investiga e comproba de forma autónoma as características das figuras xeométricas, empregando diferentes ferramentas tecnolóxicas.	PE	80
CA3.2 - Recoñecer e investigar patróns, organizar datos e descompoñer un problema en partes máis simples facilitando a súa interpretación e o seu tratamento computacional.	Recoñece as características dos corpos xeométricos e os seus elementos principais a partir da descomposición dunha figura en partes máis simples facilitando a súa interpretación e o seu tratamento computacional.		
CA3.3 - Modelizar situacións e resolver problemas de forma eficaz interpretando, modificando e creando algoritmos sinxelos.	Resolve situacións problemáticas da vida cotiá aplicando as propiedades e características das figuras xeométricas, como áreas e volumes.		
CA3.4 - Representar matematicamente a información máis relevante dun problema, conceptos, procedementos e resultados matemáticos utilizando diferentes ferramentas e formas de representación para visualizar ideas e estruturar procesos matemáticos, valorando a súa utilidade para compartir información.	Representa xeometricamente a información facilitada nun problema matemático. Obtén a solución de problemas empregando diferentes formas de representación, no plano ou no espazo.		
CA3.6 - Recoñecer e empregar, con precisión e rigor, a linguaxe matemática presente na vida cotiá e en diversos contextos, comunicando mensaxes con contido matemático.	Emprega a linguaxe matemática con rigor e precisión para a resolución de problemas así como na redacción de textos matemáticos.		
CA3.5 - Comunicar ideas, conclusións, conxecturas e razoamentos matemáticos utilizando diferentes medios, incluídos os dixitais con coherencia e claridade usando a terminoloxía matemática apropiada.	Redacta as conclusións obtidas mediante a resolución de problemas xeométricos así como a idoneidade de incluír representacións gráficas.	TI	20
CA6.1 - Identificar e xestionar as emocións propias, desenvolver o autoconcepto matemático xerando expectativas positivas ante novos retos matemáticos.	Amosa curiosidade participando activamente na actividade da aula. Ten iniciativa para a realización das actividades propostas tanto na aula como na casa. É resiliente cara a aprendizaxe das matemáticas, acepta os erros como parte fundamental da aprendizaxe e pide axuda cando o necesita.		
CA6.2 - Mostrar unha actitude positiva e perseverante ao lles facer fronte ás diferentes situacións de aprendizaxe das matemáticas aceptando a crítica razoada.	Ten unha actitude positiva e perseverante no seu quefacer diario, realiza as actividades propostas tanto na aula como na casa e acepta o erro como parte do proceso de aprendizaxe e contribúe a mellorar o ambiente da clase.		
CA6.3 - Traballar e colaborar activamente en equipos heteroxéneos respectando as diferentes opinións e comunicándose de maneira efectiva. Utilizar o pensamento crítico e creativo para tomar decisións e realizar xuízos informados.	Respecta as opinións do resto do grupo, expoñendo a súa opinión de forma clara e correcta.		
CA6.4 - Xestionar a repartición de tarefas do equipo achegándolle valor, favorecendo a inclusión, a escoita activa e responsabilizándose do rol asignado.	Traballa en equipo asumindo o rol/tarefa asignada a cada un dos integrantes do grupo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Figuras xeométricas de dúas e tres dimensións. - Propiedades xeométricas de obxectos da vida cotiá: investigación con programas de xeometría dinámica. - Movementsos e transformacións. - Transformacións elementais na vida cotiá: investigación con ferramentas tecnolóxicas como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Visualización, razoamento e modelización xeométrica. - Realización de modelos xeométricos para representar e explicar relacións numéricas e alxébricas en situacións diversas. - Modelización de elementos xeométricos da vida cotiá con ferramentas tecnolóxicas, como programas de xeometría dinámica, realidade aumentada etc. - Elaboración e comprobación de conxecturas sobre propiedades xeométricas utilizando programas de xeometría dinámica ou outras ferramentas. - Crenzas, actitudes e emocións. - Mostras de curiosidade, iniciativa, perseveranza e resiliencia cara á aprendizaxe das matemáticas. - Xestión das emocións que interveñen na aprendizaxe das matemáticas como a autoconciencia, a autorregulación e a perseveranza. - Fomento da flexibilidade cognitiva, buscando un cambio de estratexia cando sexa necesario, transformando o erro en oportunidade de aprendizaxe. - Traballo en equipo e toma de decisións. - Asunción de responsabilidades e participación activa para optimizar o traballo en equipo. - Disposición a pedir, dar e xestionar axuda para a xestión de conflitos. - Reflexión sobre as ideas clave de situacións problemáticas para ser capaz de tomar decisións adecuadas en situacións similares. - Inclusión, respecto e diversidade. - Actitudes inclusivas e aceptación da diversidade presente na aula e na sociedade. - Uso de condutas empáticas e estratexias para a xestión de conflitos. - Contribución das matemáticas ao desenvolvemento dos distintos ámbitos do coñecemento humano desde unha perspectiva de xénero.

4.1. Concrecións metodolóxicas

A ensinanza das Matemáticas debe configurarse de forma cíclica, de xeito que en cada curso coexistan novos contidos, tratados a modo de introdución con outros que afiancen, completen ou repasen os dos cursos anteriores, ampliando o seu campo de aplicación e enriquecéndose con novas relacións, pretendendo facilitar con esta estrutura a aprendizaxe do alumnado.

A metodoloxía deberá adaptarse a cada grupo de alumnos e situación aproveitando ao máximo os recursos dispoñibles. Neste curso académico o centro sigue dentro do programa Edixgal polo que trataremos de aproveitar na medida do posible os equipos da rapazada e empregaremos a aula virtual e/ou a plataforma EVA/Edixgal como unha

ferramenta indispensable, onde as/os alumnas /os poderán atopar os contidos da materia, e indicacións sobre as actividades a realizar. Pero sen esquecernos da importancia da realización de actividades con lápiz e papel, que facilitan a aprendizaxe.

As liñas de actuación no proceso de ensino e aprendizaxe son a base nas que se asenta a metodoloxía a seguir nesta proposta didáctica para que sexa activa e participativa. Utilizaráanse distintas metodoloxías buscando a acción educativa máis axeitada en función do momento e contidos a tratar, e que ademais sirvan para atender os distintos ritmos de aprendizaxe. Tamén se intentará que a organización da aula sexa o máis axeitada para o desenvolvemento do traballo en equipo, sempre en coordinación co resto do profesorado.

PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

- Busca dunha aprendizaxe significativa: por distintos medios obteremos información das ideas previas que posúe o alumnado, para que partindo deste coñecemento, cada alumno poida enriquecer, modificar e reorganizar os seus esquemas cognitivos.

- Busca dunha aprendizaxe funcional: é moi importante que o alumnado coñeza a utilización dos contidos tratados. Para conseguilo, introducíranse os contidos a partir de situacións problemáticas que as/os mesmas/os alumnas/os aplicarán os coñecementos adquiridos á resolución de problemas.

- Fomentárase a reflexión persoal sobre o proceso de aprendizaxe, de xeito que o alumnado poida valorar o seu progreso e corrixir os erros cometidos.

- Promoverase a colaboración entre o alumnado, para que así sexan conscientes das vantaxes de intercambiar información, unir esforzos e do apoio mutuo.

MÉTODOS DE ENSEÑANZA

Os principios dos que falamos anteriormente sérvenos de base para o proceso de ensino, pero non describe de maneira precisa e concreta como ensinar, de que forma organizar a aula e ao alumnado, que métodos poñer en práctica... A continuación pasamos a detallar máis este aspecto presentando diferentes métodos para o ensino dos contidos propostos nesta programación didáctica.

- A clase invertida: nalgúns partes da materia xa coñecidas propoñeráselles ás/aos alumnas/os que revisen na casa certos conceptos básicos e utilízanse a aula para resolver dúbidas e practicar eses conceptos.

- Métodos expositivos: fronte á mera transmisión de contidos (lección maxistral) buscarase a interacción co alumnado (lección comunicativa), buscando que se impliquen mediante intervencións espontáneas (ou provocadas pola persoa docente) de forma ordenada.

- Métodos demostrativos: a diferenza deste tipo de métodos con respecto aos métodos expositivos radica en que a información se centra na explicación de exemplos prácticos que serven de modelo para a resolución de tarefas posteriores. En xeral, nas sesións introductorias dos diferentes contidos combinaráanse métodos expositivos e métodos demostrativos.

- Método tutorial: a idea deste método é que o alumnado traballe de forma individual e acuda ao profesorado en busca de apoio e axuda para que o guíe. As diferentes formas de comunicación a través de internet, utilizando por exemplo a aula virtual do centro, facilita a interacción continua co alumnado. Deste xeito, pode achegar as súas dúbidas ao profesor e o profesor pode transmitir diferentes tarefas de reforzo e ampliación aos contidos traballados na aula.

- Método interrogativo: as preguntas son a forma de aprendizaxe a través da cal se trata de implicar ao alumnado. Pode haber preguntas introductorias que nos guíen no desenvolvemento dun contido ou preguntas concretas que aparezan nas diferentes situacións problemáticas propostas do tipo: Que ocorre se cambiamos estas condicións nun problema determinado? As preguntas son a guía da aprendizaxe e ir respondéndoas lévanos a traballar os contidos e a acadar os obxectivos da materia.

TIPOS DE ACTIVIDADES

As actividades son os medios nos que toman forma os principios metodolóxicos nos que se basea esta proposta didáctica e concretan os métodos didácticos. Temos varios tipos de actividades e tarefas, en función do momento no que se levan a cabo e da intención educativa que teñan.

- Actividades iniciais. A súa finalidade é coñecer as ideas previas do alumnado e ser unha motivación de cara a aprendizaxe dos contidos que se van desenvolver a continuación.

- Actividades de desenvolvemento. Son as tarefas que serven para traballar os novos contidos. Deben ser inicialmente máis estruturadas e guiadas para adquirir a base que permita realizar máis adiante actividades menos estruturadas e menos pautadas.

- Actividades de reforzo e ampliación. Ante a realidade da existencia de diferentes ritmos de aprendizaxe e capacidades do alumnado faise necesario propoñer actividades de reforzo para traballar os contidos básicos e ademais débense propoñer actividades de ampliación para propoñer contidos relacionados coa unidade pero non

pensados para todo o alumnado.

- **Actividades de avaliación.** Calquera actividade pode ser avaliada aínda así, poden programarse actividades que especificamente teñan esa función avaliadora. Son, por tanto, actividades nas que se tratan os contidos e os criterios de avaliación que se queren valorar.

O desenvolvemento da materia a partir dunha perspectiva inter e intradisciplinar tamén se levará a cabo a través de actitudes e valores coma o rigor, a curiosidade científica, a perseveranza, a cooperación e a responsabilidade.

O desenvolvemento das experiencias de traballo na aula buscará a alternancia entre os dous grandes tipos de estratexias: expositivas e de indagación. De gran valor para o tratamento dos contidos resultarán tanto as aproximacións intuitivas coma os desenvolvementos graduais e cíclicos dalgúns contidos de maior complexidade.

Dado o carácter obrigatorio da ESO, a materia de Matemáticas debe ter un tratamento que proporcione ao alumno non soamente unha formación nos contidos senón tamén un método específico de pensamento e de organización intelectual que lle prepare tanto para futuros estudos como para o desenvolvemento nas súas futuras actividades laborais. Polo tanto non deben primar as esixencias teóricas sobre as prácticas, aínda que o alumno debe entender a necesidade de relacionar cun fundamento sólido os coñecementos e as aplicacións prácticas.

Procurarase que a aprendizaxe sexa significativa e que esta se base nos coñecementos previos do alumnado, ademais de ter en conta que os coñecementos adquiridos en cursos anteriores non deben darse por consolidados en moitos casos. Polo tanto deberase realizar unha avaliación inicial para detectar dificultades que en cada intre teña a rapazada, para así facilitar a comprensión dos conceptos novos e o afianzamento dos anteriormente adquiridos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Apuntamentos e actividades creados pola docente que estará dispoñible na plataforma EVA-Edixgal ou na Aula virtual do centro
Fichas de actividades de consolidación
Fichas de actividades de reforzo
Fichas de actividades de ampliación
Materiais manipulativos (para o traballo da xeometría, por exemplo)
Caderno da/o alumna/o
Dotación da aula (encerado dixital, pupitres, encerado,...)
Calculadora científica
Software específico e aplicacións web (uso de Geogebra, por exemplo)

O desenvolvemento das clases terá lugar fundamentalmente nunha aula convenientemente equipada con encerado dixital e encerado tradicional no que o alumnado disporá de pupitres individuais que facilitarán a mobilidade para a realización de traballos en equipo.

Este curso todo o alumnado terá á súa disposición equipos informáticos propios, ao participar o centro no proxecto Edixgal.

Os materiais curriculares serán fundamentalmente proporcionados pola profesora da materia, no formato que esta considere oportuno. utilizándose tamén dependendo do tema, a calculadora científica, o ordenador ou o caderno.

O uso da calculadora farase de xeito progresivo, aumentando nos últimos cursos da etapa, sempre baixo as indicacións da profesora.

Trátase de que os/as alumnos/as aprendan a utilizar a calculadora como un instrumento necesario para cálculos complicados e a resolución de problemas nos que o cálculo non é a parte esencial, e non como un substituto do cálculo mental básico, que o alumnado debe manexar con soltura desde os primeiros cursos desta etapa.

O obxectivo é polo tanto, que o seu uso favoreza a resolución de problemas de xeito que os alumnos e alumnas dediquen máis tempo a reflexión, o razoamento, a toma de decisión e a comunicación do proceso seguido e dos resultados obtidos, que o cálculo necesario para chegar a eles.

Tamén se utilizarán diferentes aplicacións dixitais, como as follas de cálculo para elaborar documentos resumo e/ou aplicativos de xeometría dinámica coma o Geogebra.

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial lévase a cabo ao comezo do curso e ao comezo de cada unidade. A súa función é coñecer o lugar de partida dos diferentes contidos a tratar no desenvolvemento deste curso e de cada unidade. Esta avaliación inicial poderá realizarse de diversas maneiras a través dunha proba escrita, dunha tarefa desenvolta na aula ou do traballo realizado en unidades previas. Será o punto de partida para o tratamento dos contidos e para prever a necesidade de adaptacións ou a programación de actividades de reforzo ou ampliación, se fose necesario.

Nas primeiras semanas de clase observaranse as habilidades iniciais do alumando. Prestarase especial atención a aqueles dos que non se dispón información de anos anteriores e a aqueles nos que os informes non son positivos no académico.

Tomarase nota destas observacións.

Informarase do resultado da avaliación inicial aos titores e resto de profesorado na sesión de avaliación inicial que se realizará no mes de outubro. Nela, revisaranse puntos como a evolución dos reforzos, grao de consecución dos obxectivos didácticos nos distintos grupos de cada nivel, dificultades atopadas, probas escritas e orais realizadas, etc.

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	11	11	12	11	11	11	11	11	11	100
Proba escrita	80	80	80	80	80	80	80	80	80	80
Táboa de indicadores	20	20	20	20	20	20	20	20	20	20

Criterios de cualificación:

En cada avaliación realizarase unha proba escrita por cada unha das unidades traballadas.

Para obter a cualificación de cada unidade teranse en conta os pesos:

- O 80% proba escrita dos contidos asociados á unidade.
- O 20% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes ao bloque socioafectivo que estarán asociados a rúbricas cos que se avaliarán:
 - Os traballos propostos (individuais ou cooperativos).
 - As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan.
 - A observación diaria do traballo realizado na aula e na casa.

En caso de que nunha unidade se traballe de modo cooperativo a cualificación obterase:

- O 50% proba escrita dos contidos asociados á unidade.
- O 40 % traballo presentado.
- O 10% restante obterase das táboas de indicadores nas que serán avaliados os criterios de avaliación correspondentes ao bloque socioafectivo que estarán asociados a rúbricas cos que se avaliarán:
 - As actividades de consolidación, reforzo ou ampliación que se propoñan.
 - A observación diaria do traballo realizado na aula e na casa.

A nota de cada avaliación obterase como a aproximación por truncamento, da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das unidades traballadas nesa avaliación.

A nota final do curso obterase como a aproximación por truncamento da media aritmética das cualificacións obtidas

en cada unha das avaliacións antes ser truncadas.

Á nota final de curso poderáselle sumar ata un máximo dun punto correspondente á lectura de libros voluntarios e/ou realización de un traballo voluntario en cada unha das avaliacións. Cada un destes traballos será avaliado do 0 ao 10, segundo unha rúbrica facilitada á rapazada. Para obter a puntuación extra consideranse as puntuacións dos traballos entregados en cada unha das avaliacións, considerando un 0 por traballo non entregado.

$$\text{Puntuación extra} = (\text{nota traballo 1ª aval} + \text{nota traballo 2ª aval} + \text{nota traballo 3ª aval}) / 30$$

Para dar por superada a materia debe obterse unha puntuación igual ou superior a cinco.

Consideracións a ter en conta na realización das probas escritas:

- Se algún alumno/a intenta enganar, cambiar algunha folla da proba ou copiar, de calquera forma, esa proba quedará invalidada. Repetiráa cando a profesora o considere oportuno, antes de rematar a avaliación. A nova proba non terá porque ser igual que a proba retirada, pero si se avaliarán os mesmos contidos.

- Dende o momento en que o alumno/a ten a proba na súa posesión para realizala, quedará prohibido que se relacione ou fale con outro compañeiro/a, sen o permiso da profesora. Poderá aplicárselle o argumentario semellante ao de copiar.

- O alumnado terá claro que entender as preguntas dun exame ou proba é parte do que deben saber para superar dita proba. As probas levarán o valor de cada pregunta.

- As probas deben presentarse en bo estado, sen borróns que non teñan que ver co escrito e perfectamente identificadas. Non estará permitido o emprego de cinta correctora.

Asistencia ás probas

- Se un/ha alumno/a non se presenta a unha proba escrita e non xustifica a súa ausencia de forma reiterada realizará a proba cando a profesora o considere oportuno.

- Se non se pode presentar por unha causa xustificada, a profesora establecerá outra data para facer a proba.

- No caso de que un/ha alumno/a vexa interrompido bruscamente o seu proceso formativo por mor dunha enfermidade grave e, consecuentemente, non poida asistir ás probas finais da avaliación ordinaria, será avaliado considerando unicamente os resultados acadados ata a data da súa marcha, sempre e cando teña asistido como mínimo a un 75% do total das sesións lectivas contempladas no calendario escolar.

Cráterios de recuperación:

Non se farán probas de recuperación de unidades concretas.

Para o alumnado que non acade unha cualificación positiva nalgunha avaliación, fará a recuperación correspondente ao rematar a segunda avaliación e/ou antes de rematar o curso(xuño).

- O alumnado que teña suspensa unha única avaliación só terá que recuperar esa avaliación.

- O alumnado con máis dunha avaliación suspensa, examínase da parte suspensa ou de toda a materia, segundo lle sexa máis favorable.

- A realización destas probas será obrigatorio para todas/os que teñan suspensas algunha avaliación.

- Se a profesora o estima oportuno os exames de recuperación poderán ter carácter voluntario ou obrigatorio para o resto do alumnado, neste caso, a nota poderá ser tida en conta á hora de realizar a media final do curso, podendo mellorarla se mellora a puntuación dalgunha avaliación.

No caso de que haxa algunha avaliación non superada e a nota media non sexa igual ou superior a cinco procederase:

Procedemento de recuperación da 1ª avaliación:

- Realízase unha proba escrita dos contidos vistos nesta avaliación ao rematar a 2ª avaliación.

Procedemento de recuperación da 2ª avaliación:

- Realízase unha proba escrita dos contidos vistos nesta avaliación ao rematar a 2ª avaliación e/ou antes de rematar o curso.

Procedemento de recuperación da 3ª avaliación:

- Realízase unha proba escrita dos contidos vistos nesta avaliación antes de rematar o curso.

Toda a rapazada que queira mellorar nota poderao facer presentándose ás probas de recuperación que se realicen en mes de xuño e ao longo do curso. A nota final obtense ao aproximar por truncamento a media das avaliacións parciais coas notas melloradas. (En ningún caso a nota inicial se verá diminuída.)

A cualificación da avaliación final despois da recuperación:

1. Para o alumnado que teña as tres avaliacións parciais aprobadas será o resultado de aproximar por truncamento a

media aritmética das cualificacións das avaliacións parciais.

2. Para o alumnado cunha única avaliación suspensa.

A nota na avaliación a recuperar obtense:

- 80% da cualificación obtida na proba de recuperación.
- 20% da cualificación previa do alumnado nesa avaliación obtida coas táboas de indicadores sobre os criterios e avaliación correspondentes ao bloque socioafectivo.

A nota final será a aproximación por truncamento da media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das avaliacións parciais aprobadas e a cualificación obtida na recuperación da avaliación suspensa.

Para aprobar a materia é necesario obter unha media aritmética igual ou superior a cinco .

3. Para o alumnado con dúas avaliacións suspensas a nota final será a aproximación por truncamento do resultado da media ponderada:

• 80% da cualificación será o resultado da media ponderada cos pesos: 66,7% da puntuación obtida na recuperación das dúas avaliacións non superadas e o 33,3% da puntuación obtida na avaliación aprobada. Xa que as tres avaliacións teñen o mesmo peso para a obtención da cualificación final.

• 20% da cualificación será a media aritmética das cualificacións obtidas mediante as táboas de indicadores da avaliación correspondentes ao bloque socioafectivo polo alumnado ao longo de todo o curso.

4. Para o alumnado con tres avaliacións suspensas, realizará as probas de recuperación de cada avaliación e/ou global antes de rematar o curso. A nota final será a aproximación por truncamento de:

- 80% da puntuación obtida en ditas probas .
- 20% da media aritmética da cualificación obtida polo alumnado ao longo do curso coas táboas de indicadores sobre os criterios de avaliación correspondentes ao bloque socioafectivo.

Para aprobar a materia é necesario obter unha cualificación igual ou superior a cinco

6. Medidas de atención á diversidade

A diversidade de alumnado que nos atopamos nas aulas débese a diferentes razóns como son as seguintes: as formas de aprender, os ritmos de aprendizaxe e de traballo, a motivación, a capacidade intelectual, a capacidade de dispersión, a madurez, a diversidade cultural, a incorporación tardía ao sistema educativo, os coñecementos previos e o nivel sociocultural. Isto dará lugar á utilización de diversos mecanismos de apoio e reforzo. Para o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo poderanse realizar adaptacións curriculares e organizativas co fin de que poida alcanzar o máximo desenvolvemento das súas capacidades persoais.

En canto ás medidas ordinarias que se levarán a cabo co grupo en xeral temos as seguintes:

- Establecer secuencias de contido que aseguren aprendizaxes básicas para todos e coñecementos de maior complexidade para algúns.
- Diseñar actividades de ensino- aprendizaxe variadas e con diferente nivel de dificultade.
- Establecer agrupamentos que permitan contextos de aprendizaxe colaborativos.
- Utilizar recursos e materiais diferenciados (gráficos, visuais, audiovisuais, informáticos) para contemplar os distintos tipos de aprendizaxe dos alumnos.
- Incluír actividades de reforzo para aqueles alumnos que non seguen o ritmo de aprendizaxe do grupo.
- Propoñer actividades de recuperación para aqueles que ao final da secuencia non acadasen os obxectivos previstos.
- Propoñer actividades de ampliación para aqueles que van diante na súa aprendizaxe. Serán traballos voluntarios para afondar sobre os temas obxecto de estudo da unidade didáctica.

Tan pronto como se detecten dificultades de aprendizaxe dalgún alumno/a, o Departamento, coordinado co Departamento de Orientación adoptará as medidas de reforzo educativo necesarias coa finalidade de que a rapazada sexa quen de adquirir as aprendizaxes necesarias para continuar de modo satisfactorio co seu proceso formativo. Polo que será fundamental o proceso de preavaliación para detectar as posibles necesidades.

Hai un alumno diagnosticado con TDA

Neste curso hai cinco alumnas/os coa materia de Matemáticas de 3º da ESO pendente. Terase especial atención con esta rapazada, tratando de motivalas/os para que non se repita o fracaso do curso anterior. Hay tamén catro alumnas/o repetidores, das que tres teñen pendente a materia de Matemáticas de 3º ESO e non acadaron un resultado positivo na materia de Matemáticas no curso 22/23.

Elaboraranse plans específicos de seguimento para o alumnado con materias pendentes e para os que repiten, que

se recollerán nos documentos establecidos pola inspección educativa.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X						X	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	X	X		X			X	X
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - A Igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.7 - A Creatividade	X	X						X
ET.8 - Educación para a saúde	X			X		X	X	X
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X	X		X			X	X

	UD 9
ET.1 - Comprensión da lectura e expresión oral e escrita	X
ET.2 - A comunicación audiovisual e a competencia dixital	X
ET.3 - O emprendemento social e empresarial	
ET.4 - O fomento do espírito crítico e científico	X
ET.5 - A educación emocional e en valores	X
ET.6 - A Igualdade de xénero	X
ET.7 - A Creatividade	X
ET.8 - Educación para a saúde	X

	UD 9
ET.9 - Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable	X

Observacións:

1. Comprensión da lectura e expresión oral e escrita

Observación: serán traballadas de xeito habitual a través dos materiais utilizados na aula (boletíns de exercicios, caderno de traballo, realización de probas e traballos para entregar,...) e das intervencións do alumno (ben sexa realizando preguntas relativas ás explicacións da/o docente, ou coa explicación da resolución de tarefas no encerado ou coa exposición de traballos)

2. A comunicación audiovisual e a competencia dixital

Observación: O uso da aula virtual e das novas tecnoloxías utilizando aplicacións web como Geogebra e outras ferramentas dixitais (follas de cálculo, editores de texto, editores de presentacións...).

3. O emprendemento social e empresarial

Observación: propoñeranse tarefas de ampliación e alternativas que busquen fomenten a creatividade e a autonomía persoal do alumnado.

4. O fomento do espírito crítico e científico

Observación: o espírito crítico é tratado de forma xenérica diariamente na aula. A resolución de problemas lévanos inevitablemente a esta forma de proceder, as propostas alternativas ou de mellora a unha solución dada, fomentan o espírito crítico.

5. A educación emocional e en valores

Observación: os valores que sustentan a liberdade, a xustiza, a igualdade, o pluralismo político, a paz, a democracia, o respecto polos dereitos humanos e o rexeitamento da violencia terrorista, a pluralidade, o respecto polo Estado de dereito, o respecto e a consideración polas vítimas do terrorismo, e a prevención do terrorismo e de calquera tipo de violencia.

6. A igualdade de xénero

Observación: Prestarase especial atención ao principio de igualdade, poñendo o foco na eliminación dos contidos sexistas e estereotipos que supoñan discriminación entre mulleres e homes, con especial atención nos libros de texto e materiais educativos

7. A creatividade

Observación: Promoverase a creatividade tanto estética como á hora de resolver e plantexar situacións problemáticas da vida cotiá coas matemáticas.

8. Educación para a saúde

Observación: Promoverase a educación para a saúde, estudando situacións reais da saúde que fagan recapacitar á rapazada na importancia que teñen hábitos de vida saudable.

9. Educación para a sustentabilidade e o consumo responsable

Observación: Promoverase a educación para a sustentabilidade e o consumo responsable, estudando situacións reais da saúde que fagan recapacitar á rapazada sobre a importancia que ten para o planeta o consumo responsable.

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Participación nas conmemoracións e actividades programadas no centro	Extraescolares	X	X	X
Asistencia a charlas	Complementaria. Sempre que se nos ofrezca ao longo do curso algunha que sexa interesante e axeitada ao currículo do alumnado	X	X	X
Participación no canguro matemático	Proporase ao alumnado a participación nesta actividade.		X	

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Rally Matemático sen Fronteiras	Propoñerose a participación do grupo nesta actividade organizada pola Xunta de Galicia			X
Concurso fotografía	Concurso para que participe toda a comunidade educativa		X	
Saídas do grupo de referencia	Apreveitar as saídas do grupo de referencia que teñan algún aspecto específico desta materia		X	X

Observacións:

Todas as actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado así como a saír da rutina.

Permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación real .

A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolver a súa creatividade e descubrir as súas habilidades fóra do ámbito escolar.

Agora ben, é preciso que estas sexan escollidas adecuadamente, sexan motivadoras e se adapten ao nivel de comprensión do alumnado.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

- Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela dáselle información do tema e propóñense tarefas para desenvolver durante a actividade.
- Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.
- Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
1. O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.
14. Ao comezo da unidade, o alumnado coñece os obxectivos e competencias que se van traballar, as actividades a realizar e como se van avaliar

Metodoloxía empregada
2. Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.
3. Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.
11. Usáronse distintos instrumentos de avaliación.
12. Dáse un peso real á observación do traballo na aula.
13. Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.
1. Fanse explicacións xeraus con claridade para todo o alumnado.
2. Ofrécense a cada un ás explicacións individualizadas que precisa/solicita.
4. As actividades foron variadas e motivadoras.
5. Utilízanse diferentes estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.
6. Combínanse o traballo individual e en equipo.
7. Poténcianse estratexias de animación á lectura.
8. Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.
11. Analízanse e coméntanse os aspectos mais significativos da corrección das probas, traballos...
12. Dáselle ó alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
9. Incorpóranse as TIC ós procesos de ensino-aprendizaxe.
Medidas de atención á diversidade
8. Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
9. Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.
10. Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.
3. Elabóranse actividades atendendo á diversidade.
Clima de traballo na aula
4. Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
5. Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.
6. Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.

Outros
INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DO ENSINO
7. O alumnado e as familias teñen acceso a programación
INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE
10. Ofrécense os resultados das probas /traballos de xeito áxil.
13. Valórase o traballo e o esforzo.

Descrición:

A programación é un documento aberto e susceptible de cambios segundo a observación e a avaliación do funcionamento dos procedementos e metodoloxías utilizadas. Debe ser revisada cada ano co fin de adaptala mellor á realidade nas aulas. A posta en práctica de dita programación é o que nos permite melloralas, recollendo a través dos procedementos de avaliación da propia programación e da práctica docente, a información necesaria para reformala.

O proceso de avaliación da propia programación e da práctica docente realízase dentro do departamento coa información recollida polos docentes sobre diferentes aspectos do desenvolvemento da mesma, que se realizará a través dun cuestionario personal con frecuencia trimestral.

No cuestionario valorarase cada un dos ítems cunha escala do 1 ó 4 onde:

1. Nunca
2. Ás veces
3. Case sempre
4. Sempre

Os procesos de avaliación teñen por obxecto tanto as aprendizaxes dos alumnos como os procesos mesmos do ensino. A información que proporciona a avaliación serve para que o equipo de profesores dispoña de información relevante co fin de analizar criticamente a súa propia intervención educativa e tomar decisións respecto diso.

Para o cal, será necesario contrastar a información fornecida pola avaliación continuada dos alumnos e alumnas coas intencións educativas que se pretenden e co plan de acción para realizalas.

Avaliase polo tanto, a programación do proceso de ensino e a intervención do profesor como animador deste proceso, os recursos utilizados, os espazos, os tempos previstos, a agrupación de alumnas/os, os criterios e instrumentos de avaliación, a coordinación,.. É dicir, avalíase todo aquilo que se circunscribe ao ámbito do proceso de ensino-aprendizaxe.

Unha vez feito o control anterior, tomaranse medidas trimestralmente que corrixan os posibles desaxustes.

Na fase de reflexión de fin de curso valorarase o conxunto do mesmo facendo incidencia na memoria dos logros e desacertos tanto do profesorado, do alumnado, da programación, das medidas tomadas e a bondade das mesmas, así como dos resultados académicos.

Todo isto tomarase en conta de cara o vindeiro curso académico para mellorar tódolos aspectos da vida académica do centro.

Ao final de cada trimestre a rapazada cubrirá un cuestionario similar para avaliar a práctica docente na aula. Os indicadores de logro da práctica docente están recollidos na listaxe superior. No cuestionario valorarase cada un dos ítems cunha escala do 1 ó 4 onde:

1. Nunca
2. Ás veces
3. Case sempre
4. Sempre

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

O procedemento de revisión e avaliación da programación didáctica será realizada polas persoas docentes implicadas no desenvolvemento da materia deste curso.

Nas reunións periódicas do departamento iranse tratando tódolos aspectos relativos á programación que vaian xurdindo e Analizaranse fundamentalmente:

- A temporalización.

- A secuenciación
- O logro dos mínimos de consecución establecidos para os diferentes criterios de avaliación.
- A futura incorporación de actividades.
- A conveniencia de realizar cambios.
- Os resultados académicos que se vaian obtendo.
- A adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as diferentes avaliacións.
- A adecuación dos procedementos de recuperación establecidos para as materias pendentes.

Coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa. Farase un seguimento da programación e da práctica docente a través da aplicación Proens por avaliación trimestral, recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos Criterios de Avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Toda esta información xunto coa referida aos contidos, metodoloxía, avaliación, etc., será valorada polo docente e os/as membros do Departamento indicando, sobre todo, as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.). De todo isto elaborárase un informe detallado nas actas do departamento.

Empregarase a táboa de indicadores:

- Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.
- Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas / temas / proxectos.
- O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización previstas.
- Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.
- Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.
- Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.
- Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.
- Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.
- Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.
- Adecuación da secuencia de traballo na aula.
- Adecuación dos materiais didácticos utilizados.
- Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).
- Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.
- Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.
- Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.
- Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.
- Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.
- Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes..
- Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.
- Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.
- Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.
- Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.
- Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.
- Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.
- Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.
- Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.

que se valorarán do 1 ao 4, sendo 1 moi pouco e 4 moito.

A programación didáctica, con carácter xeral, revisarase anualmente.

Indicaranse os contidos que se tiveron que engadir ou eliminar con respecto ó previsto e adoptaranse as medidas como resultado desta revisión.

9. Outros apartados

1. Plan lector

Leranse novas da prensa que teñan relación cos contidos que esteamos a traballar. Propoñemos como lecturas recomendadas:

- “El gran juego”, Carlo Frabetti, Alfaguara.
- “Los crímenes de Oxford”, Guillermo Martínez, Destino
- “El diablo de los números”, Hans Magnus Enzensberger, Siruela, 1997.
- “ La fórmula preferida del profesor” , Yoko Ogawa, Funambulista